

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

ÁREA RE-CREATIVA

Contos do Mariano: Mañas do lobo

Contos do Mariano” é o título dunha serie de relatos da autoría de **Nilo Cea Rodríguez**, mestre de Furelos finado no ano 1992, considerado polos melidaos coma o "noso Castelao", pola súa dimensión literaria e artística, entroncada co legado da Xeración Nós. Mariano é un personaxe fanfarrón, botado para adiante, narrador ficticio destes relatos sacados da tradición oral das terras interiores das bisbarras de Melide e de Arzúa.

“Mañas do lobo” é o número 10 da serie orixinal (publicado o 4 de xuño de 1962). Texto e ilustración de **Nilo Cea Rodríguez**.

“Do lobo, dixo, un día o Mariano, falando cun fato de mociños novos podo contar, eu, moitas cousas; porque o coñezo como se o parira.

Polo día... se pode pillar a unha ovella, ou un año, nin que decir ten, que a pilla; agora o máis das veces fuxe da xente, facéndose coxo dunha man de diante. Pro, de noite... a cousa xa varea: médralle o curazón, e bota laparadas de lume polos ollos. ¡No rabo... tenvos tanta forza, que cando peta con el no chan, sentir síntese en media légoa derredor. E ten malicia; porque denantes de se ir a un home... primeiro sígueo, e despois prántase diante del, eponse dereito enriba das patas traseiras coas orellas guichas e cos dentes ragañados. Esto faino para

se medir co home e ver quen dos dous é mais outo. Se despois da medición se percata de que el é máis pequeno, en de primeiro non lle fai cara; pró... císcalle terra aos ollos coas poutas, para cegalo, e rincha os dentes e peta co rabo nas pozas para mollalo, ou sóbese ós valados e mexa por el dende lonxe pra enoxalo e meterlle medo. Pro, se comproba que el é máis grande que o home ¡ai, daquela!...: pega un brinco, chántalle os chavellos na gorxa e cómeo dunha asentada en menos tempo que me leva a min decilo, sen deixar del, nin máis nin menos, ca canela esquerda, se é un home, ou a dereita se por casual se trata dunha muller.

O lobo come terra tres días, tres días auga, tres días aire, e tres días carne. As bestas véntano a máis dunha légoa de lonxe, e fuxen del, coma do demo. Ao lume tenlle moito medo, e por eso é unha gran cousa levar un fachuco de pallas na man e acendelo no auto de atoparse con el. Pró, hai que ter tino de levalo ben ergueito; porque, ao velo, e por lle ter tanto temor, da en petar co rabo nas pozas do camiño por ver se pode apagar o fachuco coa auga que esbardalla. Ser é listo como unha centella.

Tamén é boa cousa acender mistos, tocar a gaita e botar foguetes. Enfuarlle a lus do foco eléctrico diante dos ollos, faino fuxir como unha lebre. Pro mellor ca todo iso é ter curazón e fenderlle a testa coa “gata-fouce”, ou espetarlle un sacho de dous gallos no medio e medio dos miolos, como lle facía eu sempre que me atopaba con el, que non eran poucas veces!

Hai homes... e non dos máis cobardes aínda que ao ver ó lobo... mirráselles o curazón como un figo paso, arrepiánselle os cabelos, bárreselles a fala e perden o coñecimento. A quen tal lle aconteza... xa lle poden rezar pola ialma.

Nas poutas de diante ten tanta forza, que se llas bota a unha égoa, por grande que seña poño por caso da primeira embestida, xa lle arrinca unha pata de atrás, con cadril e todo. E cústalle tanto traballo facelo coma a min arrincar un palla dun palleiro.

O lobo o máis das veces, mantense de lebres, de coellos, de ovellas, ou de xente. Disque tolea pola carne de cristianos. Asi que... faise tan fero e tan carniceiro, que xa non hai máis para onde ir ¡probe do que lle caia nas goupas!. As femias son sete veces piores que os machos, e cando están paridas, e teñen cría nova... daquela... ¡xa non digamos!.

Na crudeza d o inverno non ten outra cousa que comer, e se se ve apretado pola fame, vaise ás preas que atope polo monte. Por eso o bafo del, cheira a entullo e fede a defunto. A quen llo bote nas ventas, faino debancar co noxo e máis que se lle rispe o sentido. Hai que lembrarse sempre desto, por se se da o caso de ter que loitar con el pra desviar a cara noutra dirección cando haxa que pillar alento; máis sin lle quitar o llo. Da parte traseira non espanta, agora que do peito... mide, cando menos, dúas cuartas ben cheas. E a boca, chégalle hastra as orellas.

Cando ten moita fame, é capás de papar, somentes nunha xeira, a unha besta por corpuluda que seña con cría e

todo.

De día vese pouco. Pró, así é todo en tempo de inverniá, cando da en nevar, non é raro velo, polas noites, rondando ao pe das casas.

Non hai cousa mellor neste mundo, para curar a reuma, que levar unhas boas fregas con unto de lobo, e canto máis vello seña o unto, máis curatible é.

E pra amadurar un custipado, por moi agarrado que esteña o estómago; tampouco. Pró fai falla telo ben tapado; pois si hai bestas na casa, e lles chega o oulido del, pónense coma tolas, e non hai modo nin maneira de coutalas...: creban as cadeas parten as portas a couces e fuxen da corte, levadas de todos os demos do inferno.

Das tripas, fanse cordas pra guitarras, das millores. Tamén se fan das tripas das cabras e dos cordeiros. Pró... ¡ahí tedes o que son as cousas! Se por un caso eu, teño na miña guitarra unha corda feita da tripa dun cordeiro, e me cadra de poñer ao pe dela, outra corda de tripa de lobo, a de cordeiro, ao ventar a outra pilla medo, e sen saber como nin como non, da en estarricarse, en se engruñar, en retorcerse, e remata por crebar.

O pior contrincante que vos ten o lobo, é o porco bravo. Eu, vinos loitar, aos dous, un co outro, e non venceu nin Xan nin Pedro: morreron ambos os dous, porque cando o lobo achavellou na gorxa ao porco bravo, xa este lle tiña aberto o bandullo ao lobo, da cima ao fondo, con aqueles cornos longos, afiados, e revirados que ten nas dúas beiras do fuciño a cada lado da boca e que se chaman comeiros ou chavellos.

Ao que chegou eiquí, o Mariano, descansou un pouco, acendeu o cigarro que tiña apagado facía xa un bo anaco, deulle tres ou catro chupadas fondas, e voltando a coller o fío da conversa dixo:

“Quen endereitaba ben ao lobo era San Froilán, el si que o entendía. ¡Escoitade, se queredes!.

Cando San Froilán andaba pedindo esmola polas portas do mundo, para dar exemplo de humildade, levaba sempre consigo un burriquiño pequeno que tiña, cunhas alforxas, nas que iba botando o que lle daban as almas boas e caridosas: unha rebanda de pan, un anaquiño de unto, unha miga de touciño, unha presa de fabas, ou o que cadraba.

Unha noite, que viña o Santo chamando polo ramal ao seu burriño, carregado coa esmola que tanto traballo lle custara ir xuntando, saíulle o lobo ao camiño, feito unha centella, e papoulle o burro, en menos tempo que me leva contalo a min. San Froilán deixoullo comer todo sen darlle fala; pró aínda ben non acabara de tragar o derradeiro bocado, foise de cara a él, abrangueuno polas orellas, e díxolle: por ruín, traicioneiro e mal ensinado agora vas pagar a que fixeches. E sen decir máis, botoulle ao lombo as alforxas da esmola, e con elas tivo que pandar, e ir dun lado para o outro, a todos os sitios hastra a morte do Santo”.

[Transcripción do texto e imaxe remitidos por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña).
Setembro de 2016]